

## NOTICIAS DA FIT.

Olga Sánchez  
Traductora

A F.I.T. (Federación Internacional de Traductores) é un organismo internacional dependente da UNESCO e, polo tanto, da ONU. A nosa Asociación foi aceptada como membro na asemblea da FIT celebrada en Melbourne en febreiro de 1996.

A pertenza a un organismo internacional coma a FIT é de suma importancia, non só polo que de prestixio supón, senón tamén polo contacto que se pode establecer con asociacións de tradutores de todo o mundo, o que significa ter acceso a información de todo no que no eido da traducción acontece en tódalas partes (encontros, congresos, publicacións,... etc.), así como de intercambios enriquecedores para todos.

Como membro da FIT, a ATG recibe unha serie de documentos e publicacións que coidamos poden ser de interese para todos.

En primeiro lugar está *Translatio*, que é unha revista trimestral publicada pola FIT en francés e inglés, na que podemos atopar dende artigos enviados polas asociacións membros, ou artigos persoais, ata unha interesante sección de información bibliográfica e lexicográfica, así como información puntual de acontecementos internacionais relativos á traducción.

*Babel* é tamén unha revista trimestral publicada pola FIT en colaboración coa UNESCO, que, como eles definen, é "Unha publicación trimestral dedicada á información, desenvolvemento e investigación no eido da traducción e da interpretación". Nesta revista ofrécese información sobre as actividades da Federación así como das súas publicacións. Pódense atopar nela interesantes artigos e reflexións enviados polos tradutores/as que así o desexen sobre diferentes aspectos teóricos da traducción. Estas dúas publicacións están á disposición de todos aqueles que desexen consultalas na biblioteca da Facultade de Humanidades da Universidade de Vigo e tamén, por suposto, na Asociación; ademais, quen así o queira pódese subscribir directamente a calquera delas.

A FIT envíanos tamén unha serie de boletíns chamados FIT FLASH, nos

que ofrece información puntual das reunións dos organismos directivos da Federación, aceptación de novos membros, enderezos, e maneiras de establecer contacto coa propia organización<sup>1</sup> ou con algún dos seus membros máis sobranceiros. Outro dos aspectos informativos máis interesantes que ofrecen estas FIT FLASH son os datos sobre a celebración de congresos e xuntanzas por todo o mundo; a este respecto cómpre salientar que nos últimos boletíns recibidos infórmasenos do seguinte evento.

*TAMA 98. Tecnoloxía en Aplicacións Microinformáticas Avanzadas. 4º Simposium TermNet. Vienna, Austria. 15-16 de xaneiro de 1998. Contacto, Fax de TermNet, 43-1-740-40-281.*

Infórmasenos tamén de que a próxima asemblea da Federación celebrase en Mons (Bélxica) do 4 ó 7 de agosto de 1999, así que tempo hai para face-las achegas que consideredes oportunas.

De agora en diante, témo-la intención de facilitárvo-la información que nos chegue, sexa vía FIT ou por calquera outro medio, o máis rapidamente posible para que vos sexa de utilidade, e esperamos ter novas de interese nos próximos números da nosa revista.

---

1. O enderezo da FIT en Internet é: <http://www.fit.web>.